



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA REDE DE INVESTIGADORES SOBRE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E DESCENTRALIZACIÓN FISCAL EN ESPAÑA (RIFDE)

Santiago de Compostela, 27 SET. 2019

REÚNENSE

Dunha parte, Valeriano Martínez García, como conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia para cuxo cargo foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217 do 14/11/2016), e que actúa en representación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (en adiante a CONSELLERÍA) consonte o disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, como Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG núm. 109, do 08/06/2018), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro e publicados no DOG núm. 38, do 22/02/2019 (BOE núm. 72, do 25/03/2019), e que actúa en representación da Universidade de Vigo (en adiante a UVIGO) con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto



EXPOÑEN

Primeiro.- Atribúeselle á Consellería de Facenda no Decreto 30/2017, do 30 de marzo (DOG núm. 64 do 31/03/2017), polo que se establece a súa estrutura orgánica, entre outras, as competencias de realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á Comunidade Autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas así coma a análise e o deseño da política global de ingresos públicos no relativo aos tributos propios coma aos cedidos polo Estado.

Segundo.- A Universidade de Vigo conta entre os seus obxectivos co de contribuír á profundización no coñecemento científico en xeral e, en particular, no eido fiscal e financeiro. Segundo os Estatutos da Universidade de Vigo, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, entre as que se atopa o apoio científico e técnico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta, a Universidade propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e Administracións Públicas, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Terceiro.- A Consellería de Facenda está interesada en participar naquelas actividades que establezan accións conxuntas encamiñadas ao estudo e a análise no eido do financiamento autonómico e da descentralización financeira en España así como da economía pública.

Cuarto.- O Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo e os membros da Rede de Investigadores sobre financiamento autonómico e descentralización fiscal en España, rede integrada na UVIGO, veñen desenvolvendo durante os últimos anos liñas de investigación, análise e divulgación dos estudos e as conclusións correspondentes sobre financiamento autonómico.

O obxectivo da RIFDE é o de coordinar esforzos para mellorar o funcionamento financeiro do Estado das autonomías.

A actividade da rede inclúe, ademais da realización de estudos e investigacións, a celebración de conferencias e seminarios e a publicación de documentos e informes.

Quinto.- Dado que o obxecto do traballo que está realizando a universidade a través da RIFDE é de grande interese para o coñecemento da evolución do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas en cuxa negociación participa esta Consellería, considérase necesario e oportuno apoiar financeiramente as actuacións realizadas pola RIFDE no campo da investigación do financiamento autonómico así como na difusión dos ditos estudos.



A sinatura deste convenio considérase de utilidade pública na medida en que os estudos e investigacións que se van presentar na conferencia sobre “A reforma da financiación autonómica: suficiencia e autonomía tributaria” permitirán avanzar de cara a un novo modelo de financiamento autonómico baseado de acordo co establecido no artigo 156 CE nos principios de solidariedade e suficiencia e, tamén, entre outros, nos de equidade, transparencia e corresponsabilidade fiscal.

A actividade obxecto deste convenio vai aportar unha análise de calidade útil, non só para a planificación sectorial senón tamén para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións no eido socio – económico.

En consecuencia ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio consiste en outorgar unha subvención de concesión directa, segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, á Universidade de Vigo para que desenvolva a través da Rede de Investigadores sobre financiamento autonómico e descentralización fiscal en España (RIFDE) as actuacións que se relacionan na cláusula segunda.

SEGUNDA .- Gasto subvencionable

Subvencionarase parte dos gastos derivados da celebración dunha conferencia no mes de outubro sobre “A reforma da financiación autonómica: suficiencia e autonomía tributaria”.

TERCEIRA.- Interese público e imposibilidade de promover a concorrencia

A sinatura deste convenio responde ao interese público derivado de que as actividades obxecto deste convenio aportan unha análise de calidade útil para a planificación económica sectorial pero, tamén, para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións no eido socio-económico.

Este convenio só se pode asinar coa Universidade de Vigo de aí que non poida promoverse a concorrencia por ser nestes momentos esta Universidade na que



está integrada a RIFDE que é a entidade que está a realizar, a través de accións coma a organización desta conferencia, a difusión dos estudos e investigacións que se realizan polos expertos no campo do financiamento autonómico.

CUARTA.- Obrigas da Universidade de Vigo

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da UVIGO:

1. Presentar, con carácter previo á sinatura do convenio, unha declaración responsable na que se faga constar que a UVIGO non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización da actividade e o seu custo real.
4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
5. Mencionar a axuda recibida da Xunta de Galicia en todas as actividades que a RIFDE realice: en conferencias e seminarios, nas publicacións de documentos e informes así coma na súa páxina web. Incorporar en todos os soportes que se utilicen e eventos que se realicen a imaxe corporativa da Xunta de Galicia - Consellería de Facenda segundo establece o Decreto 409/2009, do 5 de novembro (DOG núm. 227 do 19/11/2009) polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

QUINTA.- Obrigas da Consellería de Facenda

A Consellería de Facenda comprométese a colaborar coa Universidade para a finalidade deste convenio coa achega económica estipulada na cláusula sexta.



SEXTA.- Financiamento

O custo total das actividades obxecto deste convenio ascende a 21.630 € tal como figura na memoria económica anexa.

A Consellería de Facenda comprométese a achegar a cantidade de quince mil euros (15.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 06.01.612A.444.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

A cantidade restante de seis mil seiscientos trinta euros (6.630 euros), IVE engadido, será achegada pola UVIGO ou por outros entes colaboradores. En caso de que o custo das actividades que se van realizar sexa superior a vinte e un mil seiscientos trinta euros será asumido integramente pola Universidade.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes poida obter ningún lucro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que se incorra para a organización da conferencia desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de novembro de 2019.

SÉTIMA.- Xustificación e pagamento da subvención

Para percibir o importe desta subvención, a UVIGO deberá:

- Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Presentar unha memoria na que se relacionen as actividades realizadas obxecto do convenio. Deberán achegar as publicacións e exemplares que se produzan no marco deste convenio. A memoria deberá conter a seguinte información:
 - Xustificación detallada de gastos e ingresos das actividades realizadas.
 - Resumo das actividades obxecto do convenio.
- Presentar unha certificación do órgano que teña atribuídas na UVIGO as facultades de control orzamentario que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio así coma o investimento da totalidade da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos



ditos investimentos. Con esta certificación deben achegarse os xustificantes correspondentes que consistirán en facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente dos gastos realizados afectos á actividade, acompañados dos comprobantes do seu pagamento, xa sexa por transferencia bancaria ou por talón nominativo.

No caso de que os gastos sexan de persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio deberán presentar as nóminas ou os recibos correspondentes acompañados cos comprobantes do seu pagamento.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas deberá entregarse na Consellería de Facenda antes do 30 de novembro de 2019.

Non obstante, os xustificantes dos pagamentos das retencións do IRPF dos salarios e outras retribucións do persoal correspondentes ao último trimestre do ano xustificaranse antes do 31 de xaneiro do ano 2020.

A Consellería de Facenda realizará o pagamento da subvención á UVIGO unha vez comprobada a súa xustificación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, as achegas da Consellería de Facenda diminuiranse proporcionalmente en relación coa achega de cada unha das partes asinantes do convenio.

OITAVA.- Perda do dereito ao cobro e reintegro da subvención

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

A UVIGO estará obrigada ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e dos xuros de demora correspondentes nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A non xustificación do pagamento do IRPF antes da data indicada na cláusula sétima suporá o inicio dun expediente de reintegro pola cantidade percibida por ese concepto e dos correspondentes intereses de demora.

NOVENA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio :

- a) O mutuo acordo
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.



DÉCIMA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2019 sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2019.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade sempre e cando o conxunto das axudas non supere o custo total da actividade e se evite o dobre financiamento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta paritaria, integrada pola persoa designada pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería e un profesor da Universidade de Vigo ou persoas que designen na súa substitución, e un representante máis de cada unha das partes.

A dita Comisión establecerá as súas propias normas de funcionamento e será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas deste convenio e entenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas co convenio. A Comisión Mixta reunirase sempre que o solicite algunha das partes.

DÉCIMO TERCEIRA.- Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e máis a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A participación dos investigadores da Universidade de Vigo nas actividades mencionadas neste convenio efectuarase no marco da Lei orgánica da Universidades 6/2001 e conforme á regulamentación vixente propia da Universidade de Vigo e recollida nos seus Estatutos, así como de acordo coa normativa vixente en materia de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

DÉCIMO CUARTA.- Publicidade da colaboración das partes

De conformidade co previsto na cláusula cuarta, a Universidade deberá dar axeitada publicidade da participación da Consellería de Facenda na conferencia. Así mesmo, en todo o material que se utilice e se reparta con motivo dos eventos e das actividades que se realicen, ao amparo deste convenio, deberá facerse constar a colaboración desta consellería.



DÉCIMO QUINTA.- Rexistro do convenio e publicidade da axuda

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso por parte da UVIGO para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao dito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e cos Decretos 126/2006, do 20 de xuño polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e co 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEXTA.- Publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO SÉTIMA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polas demais normas de dereito administrativo aplicable. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO OITAVA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.



DÉCIMO NOVENA. - Solución de controversias

As controversias sobre a interpretación e execución deste convenio de colaboración serán resoltas de mutuo acordo entre as partes, na comisión de seguimento prevista neste convenio.

Se non se chegase a acordo, as posibles controversias deberán ser resoltas na vía administrativa segundo o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e, de continuar o desacordo, na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínase por triplicado.

Pola Consellería de Facenda,


Valeriano Martínez García

Pola Universidade de Vigo,


Manuel Joaquín Reigosa Roger



MEMORIA ECONÓMICA

ANO 2019				
			INGRESOS	GASTOS
Consellería	de		15.000,00 €	
Facenda				
Universidade	de		3.000,00 €	
Vigo				
AIReF			3.630,00 €	
Hotel				8.515,00 €
Viaxes				5.115,00 €
Manutención				4.500,00 €
Material				3.500,00 €
TOTAL			21.630,00 €	21.630,00 €